


Unidade 14. Descolonización e Terceiro Mundo. A política de Non Aliñamento.

(



Celebración da vitoria de Nelson Mandela nas eleccións de 1994 en Sudáfrica

Enténdese por descolonización o acceso á independencia política de aqueles territorios que viñan estando sometidos a unha potencia colonial. Este acceso fíxose de moi diversas formas e en tempos diferentes, aínda que foi o período comprendido entre a 2ª Guerra Mundial e os anos 70 do noso século aquel no que se xeneralizou este proceso, de aí que adoite denominárselle «época da descolonización».

O reparto colonial de Asia e África levado a cabo polas potencias europeas especialmente nas derradeiras décadas do século XIX, comezou a ser posto en cuestión con motivo dos enfrontamentos da 1ª Guerra Mundial. A Sociedade de Nacións se puxo en marcha e, en 1920, houbo que debater no seu seo o futuro das posesións coloniais alemás así como o dos territorios árabes ocupados polo Imperio Otomano.


Nas diferentes conferencias interaliadas da 2ª Guerra Mundial, como por exemplo a Carta do Atlántico, así como na Carta fundacional das Nacións Unidas, de 1945, e na Declaración dos Dereitos do Home, de 1948, novamente se volven facer chamamentos a rematar co colonialismo e se reivindica o dereito dos pobos a acceder á súa independencia. Hai, polo tanto, unha continuidade nas reivindicacións antiimperialistas.

Nas vésperas da 2ª Guerra Mundial, en 1939, as potencias europeas con posesións coloniais eran Gran Bretaña, Francia, Países Baixos, Italia, Bélxica, Portugal e España. As tres primeiras adquiriran o compromiso de propiciar a evolución das súas colonias cara o autogoberno e con ese compromiso a Sociedade de Nacións tíñalles adxudicado, despois da 1ª Guerra Mundial, as posesións coloniais alemás en África e os territorios árabes do antigo Imperio turco en Oriente Medio. O Reino Unido constituíra en 1931 a *Commonwealth* como un marco informal de integración e asociación daquelas colonias que acadaran a independencia. O modelo de goberno que se ía establecendo pretendía ser unha réplica dos sistemas políticos europeos, e baseábase na cultura cristiá occidental.

A prepotencia dos europeos brancos que pretendían manter os seus privilexios políticos e económicos, sometendo, pola forza se era preciso, ás poboacións autóctonas atopaba cada vez maior resistencia.

Por outra banda, a necesidade de crear nos pobos colonizados minorías educadas na cultura occidental para que puidesen ocupar as categorías inferiores da administración colonial favoreceu a formación dos primeiros núcleos nacionalistas, e a influencia da revolución soviética primeiro e da chinesa despois, contribuíu a radicalizar as posicións anticoloniais.

Por último, os acontecementos da Segunda Guerra Mundial contribuíron decisivamente á descomposición dos imperios coloniais: en Europa foron invadidos polos alemáns os territorios coloniais de Bélxica, Países Baixos e Francia. Os gobernos belga e holandés refuxiáronse en Londres, mentres que o de Petain, en Francia, aceptou a derrota e o aliñamento político con Alemaña e Italia, ata o punto que nalgúns colonias formouse un movemento contrario á capitulación: «Francia Libre». Tropas británicas e norteamericanas ocuparon territorios coloniais franceses no norte de África e en Oriente Medio. Libia — colonia italiana— foi ocupada tamén polos británicos. O proceso descolonizador tíñase posto en marcha.



1. As causas da descolonización

a) A toma de conciencia da opinión pública europea e mundial contra o colonialismo.

Despois da 1ª Guerra Mundial a crítica anticolonial acadou unha maior importancia e extensión: dende sectores intelectuais progresistas ata círculos relixiosos protestantes manifestáronse contrarios á perpetuación da dominación. Creáronse movementos que actuaron nas metrópoles e que foron espallando a idea da necesidade da liberación dos pobos colonizados. Dentro desta corrente xogou un papel destacado o socialismo, que xa dende os anos da II Internacional viña debatendo as inxustizas inherentes ao sistema colonial e que dende Lenin se decantou claramente contra este, e estimulou abertamente aos movementos de emancipación.

b) A postura anticolonial das dúas grandes potencias -USA e URSS-. Os Estados Unidos defenderon nestes anos unha postura contraria á perpetuación da dominación colonial e favorable á independencia dos territorios ocupados. Deste xeito defendían tanto os seus intereses económicos, que se verían favorecidos pola expansión do mercado mundial a novos países, como políticos, pois crearíanse novas áreas de influencia. No que respecta á URSS, a asunción da tese de Lenin de que o imperialismo era a última fase do capitalismo, fixo que se apoiara aos movementos de liberación nacional que ían xurdindo nas diferentes colonias. Este apoio foi ratificado polos diferentes partidos comunistas integrados na III Internacional.


c) A favorable situación internacional.

A situación interna das potencias coloniais europeas tras as dúas guerras mundiais que tiveron que afrontar no curto espazo de trinta anos era de grande debilidade. Grandes perdas de poboación, unha estrutura económica por reconstruír e fortes débedas externas era o panorama máis común entre os países europeos.

A participación e cooperación das colonias na 2ª Guerra Mundial provocou promesas por parte das metrópoles, que sentían a necesidade de botar man dos recursos de todo tipo que as colonias lles ofrecían. Nos primeiros momentos admitiron o establecemento de asembleas lexislativas con participación dos nativos e tamén aumentou a participación destes na administración colonial. Era o comezo dun camiño.

d) A internacionalización do proceso descolonizador.

A medida que foi progresando o movemento de liberación, os novos países independentes fóronse convertendo en defensores da causa da liberdade dos que aínda non conseguiran a súa independencia. Estes apoios foron de moi diverso tipo, dende a acollida e financiamento dos movementos de liberación nacional ata as xestións diplomáticas no seo dos organismos internacionais, especialmente a O.N.U.



Cartel de *Indigènes* (*Días de gloria*), unha película sobre un grupo de soldados das colonias francesas, como outros 130.000 "indíxenas" que loitaron contra os nazis na II Guerra Mundial

Resolución 1514 da ONU sobre a concesión da Independencia aos países e pobos coloniais, 1960

A Asemblea Xeral,

[...]

Declara que:

1. A suxeición de pobos a unha subxugación, dominación e explotación estranxeiras constitúe unha negación dos dereitos humanos fundamentais, é contraria á Carta das Nacións Unidas e compromete a causa da paz e da cooperación mundiais.
2. Todos os pobos teñen o dereito de libre determinación; en virtude deste dereito, determinan libremente a súa condición política e perseguen libremente o seu desenvolvemento económico, social e cultural.
3. A falta de preparación na orde política, económico, social ou educativo non deberá servir nunca de pretexto para atrasar a independencia.
4. A fin de que os pobos dependentes poidan exercer pacificamente e libre mente o seu dereito á independencia completa, deberá cesar toda acción armada ou toda medida represiva de calquera índole dirixida contra eles, e deberá respectarse a integridade do seu territorio nacional.
5. Nos territorios en fideicomiso e non autónomos e en todos os demais territorios que non lograron aínda a súa independencia deberán tomarse inmediatamente medidas para traspasar todos os poderes aos pobos deses territorios, sen condicións nin reservas, en conformidade coa súa vontade e os seus desexos libremente expresados, e sen distinción de raza, credo nin cor, para permitirilles gozar dunha liberdade e unha independencia absolutas.
6. Todo intento encamiñado a quebrantar total ou parcialmente a unidade nacional e a integridade territorial dun país é incompatible cos propósitos e principios da Carta das Nacións Unidas.
7. Todos os Estados deberán observar fiel e estritamente as disposicións da Carta das Nacións Unidas, da Declaración Universal de Dereitos Humanos e da presente Declaración sobre a base da igualdade, da non intervención nos asuntos internos dos demais Estados e do respecto dos dereitos soberanos de todos os pobos e da súa integridade territorial.

Nova York, 14 de decembro de 1960

e) Formación de pequenas burguesías nacionais.

As transformacións económicas e sociais que se produciron nas colonias como consecuencia da súa inserción nun circuíto comercial mundial, trouxeron consigo a aparición de pequenas burguesías nativas, que levaron a cabo a súa formación intelectual e profesional nas respectivas metrópoles. A progresiva asunción da administración colonial e o contacto con ideas nacionalistas fixo que estas burguesías fosen radicalizando as súas peticións e se convertesen, en moitos casos, nas protagonistas da loita pola independencia.

f) Aparición de ideas nacionalistas.

Os países occidentais contribuíron á transformación ideolóxica das colonias, na medida en que as ideoloxías nacionalistas naceran en Europa, lugar onde se formaron as clases dirixentes indíxenas. O pensamento europeo, dende o liberalismo, aos nacionalismos, ou ao marxismo, etc. xunto coa reivindicación das tradicións nativas están na base destas correntes. Moitas veces as ideas nacionalistas ían acompañadas dunha crítica ás formas de vida e á organización social occidental e reivindicaban a asunción dun pasado propio e diferenciado. Así xurdiron movementos de diferente tipo: asiatismo, panislamismo, africanismo, etc... que aínda que distintos nos contidos e no tempo foron coincidentes na súa loita contra a dominación política e a explotación económica dos seus pobos.

g) Aparición de líderes nas colonias.

Na medida en que as ideas nacionalistas foron prendendo nas colonias, foron agromando personalidades destacadas que articularon programas políticos seguidos por unha ampla maioría e lideraron movementos de liberación nacional fronte aos ocupantes. Primeiro en Asia e algo máis tarde en Africa apareceron figuras como: Ghandi e Nehru, na India; Alí Jinnah, no Pakistán; Sukarno en Indonesia; Kwane Nkrumah en Ghana; Nasser en Exipto; Julius Nyerere en Tanzania; Leopold S. Senghor en Senegal; etc... Todos eles tiveron un importante papel de liderato nos seus países e foron, en moitos casos, modelos a imitar pola autoridade moral que se desprendía das súas figuras. Trataron, case sempre, de compaxinar algunhas transformacións introducidas durante a colonización coa conservación —máis ou menos crítica— das tradicións propias.

2. A rebelión de Asia

O mundo colonial asiático agachaba unha enorme variedade, consecuencia tanto das culturas e pobos sometidos como das potencias ocupantes, quen mantiñan ideas e proxectos distintos sobre o seu papel na zona. Así, mentres os Países Baixos non pretenderon nunca a asimilación de Indonesia nin contemplaron a hipótese da independencia, Francia pensaba nunha posible asimilación para os seus territorios de Indochina.



Aínda que dende as primeiras décadas do presente século se foran creando diferentes partidos e movementos nacionalistas que reclamaban a autonomía e logo a independencia, foi o estoupido da 2ª Guerra Mundial o que alterou substancialmente o proceso. No sueste asiático Xapón, aliado de Alemaña, ocupou as colonias holandesas —Indias Orientais—, francesas —Indochina—, norteamericanas —Filipinas— e británicas —Malaisia, Singapur, Birmania...—, e estableceu gobernos baseados en movementos nacionalistas anti-occidentais en Birmania (1942) e Indias Orientais holandesas e Indochina (1945).

Os procesos cara a independencia foron diferentes segundo os países: con escasa violencia na Birmania británica —na que tivo un destacado papel na formación da conciencia nacional o budismo—, e despois dun conflito armado prolongado nas colonias holandesas das Indias orientais —Indonesia— e nas francesas de Indochina —Vietnam, Laos, Camboxa—.

Mentres que as autoridades británicas aceptaron iniciar procesos políticos de reforma que desembocaron na negociación da independencia, as autoridades francesas e holandesas mostráronse moito máis inflexibles e negaron a participación política dos grupos autóctonos, provocando levantamentos militares. Así, en Indonesia, logo da derrota do Xapón, as diferentes organizacións nacionalistas e os movementos guerrilleiros anti-xaponeses conseguiron un grande respaldo popular e foron suficientemente fortes para impedir a reinstauración do sistema colonial e obrigar á potencia colonial, Holanda, a recoñecer a súa independencia, que se declarou en 1949.



Caricatura da fin do Imperio francés: Túnez, Marrocos, Indochina

Na Indochina francesa deuse tamén unha guerra de liberación, liderada por Ho Chi Minh, que rematou tras o desastre francés de Diem Bien Phu e a firma dos tratados de paz de Xenebra, en 1954, que supuxeron a independencia de Camboxa e Laos e tamén a de Vietnam, aínda que este país quedaba provisionalmente dividido polo paralelo 17°, ata as eleccións que se habían realizar dous anos máis tarde. Isto non foi así e despois da fracasada intervención norteamericana, conseguiu a súa reunificación no ano 1976.

Os acordos de Xenebra sobre Indochina

Declaración final da Conferencia sobre o problema do restablecemento da paz en Indochina na que participaron os representantes de Camboxa, Estado do Vietnam, Estados Unidos de América, Francia, Laos, República Democrática do Vietnam, República Popular de China, Reino Unido e Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas:

1. A Conferencia toma nota dos acordos que pon fin ás hostilidades en Camboxa, Laos e Vietnam, e que organizan o control internacional da vixilancia para a execución das disposicións destes acordos.
4. A Conferencia toma nota das cláusulas do acordo sobre o cesamento da hostilidades no Vietnam, prohibindo a entrada de tropas e de persoal militar estranxeiro, así como toda clase de armas e municións. (...)
5. A Conferencia toma nota das cláusulas do acordo sobre o cesamento de hostilidades no Vietnam nos termos nos cales ningunha base militar dependendo dun estado estranxeiro poderá ser establecidas nas zonas de agrupamento das dúas partes; estas deberá velar para que as zonas que lles son atribuídas non formar parte de ningunha alianza militar e non sexan utilizadas para a continuación das hostilidades ou ao servizo dunha política agresiva. (...)
10. A Conferencia toma nota, da declaración do Goberno da República francesa, segundo a cal este está disposto a retirar as súas tropas dos territorios de Camboxa, Laos e Vietnam a petición dos Gobernos interesados e no prazo que serán fixados por acordo entre as partes.
12. Nas súas relacións con Camboxa, Laos e Vietnam, cada un dos participantes na Conferencia de Xenebra comprométese a respectar a soberanía, independencia, unidade e integridade territorial dos Estados mencionados e en abster se de toda inxerencia nos seus asuntos interiores. (...)


Xenebra, 21 de julio de 1954

Nos territorios controlados polos Estados Unidos e pola Gran Bretaña, a independencia acadouse despois de longas conversas e fortes presións nacionalistas pero sen que os enfrontamentos bélicos chegasen a ter protagonismo. Filipinas foi independente no 1946; Birmania (Myanmar) e Ceilán (Sri Lanka) no 48. Malaisia tardou algo máis, no 57 e Singapur no 1963, tras terse separado da anterior Federación Malaia.

- A independencia da India

A península do Indostán constituía a <<xoia da coroa>> do imperio británico. En 1885 nacera o Partido do Congreso, un grupo hindú formado por burgueses cunha formación occidental. Nun principio foron tolerados polas autoridades coloniais, pero a principios do século XX van radicalizando a súa postura nacionalista.

Á cabeza do movemento nacionalista situouse o Mahatma Gandhi, presidindo o Partido do Congreso entre 1924 e 1934, quen cos seus postulados de non violencia e as súas campañas de desobediencia civil puxo en serios apupos aos británicos. A resposta británica ás campañas de Gandhi foi a represión e o encarceramento dos principais dirixentes. Ao mesmo tempo apoia un grupo rival ao Partido do Congreso: a Liga Musulmá, creada en 1906, presidida desde os anos trinta do século XX por Ali Jinnah. A Liga Musulmá pretendía crear un Estado propio para a minoría islámica da colonia.



Gandhi; Bourke-White, 1946

O pensamento de Gandhi

Non hai dúbida ningunha : o capital é algo morto, pero non os capitalistas, que poden converterse.

A maior proba da civilización, a cultura e a dignidade é o carácter, non a vestimenta.

A desobediencia civil é a afirmación dun dereito que a lei debía conceder, pero que nega [...]. Convértese nun deber sagrado cando o Estado é ilegal ou corrupto [...]. Supón disciplina, pensamento, coidado, atención.

A non-cooperación co mal equivale á cooperación co ben [...].

A miña idea da democracia é que, con ela, o máis débil debe ter as mesmas oportunidades co máis forte. O espírito da democracia non pode ser imposto desde fóra. Debe vir de dentro.

Para os non-violentos todo o mundo é unha soa familia. Por iso non temerá a ninguén, nin ninguén o temerá.

Se por forza entendemos poder moral, a muller é claramente superior ao home. Se a non-violencia é a lei da nosa vida, o futuro é das mulleres.

Nos anos da 2ª Guerra Mundial continuou o contencioso dado que os partidos nacionalistas condicionaron a súa cooperación á posterior concesión de independencia. Ao non ser aceptada esta proposta por parte británica, desencadeouse unha forte campaña de desobediencia civil. Gandhi foi detido en 1942, e os movementos de protesta foron brutalmente reprimidos; algúns nacionalistas indios chegaron a organizar un Exército Nacional Indio con apoio xaponés pero con escaso respaldo popular. Cando rematou a guerra o movemento nacionalista conseguiu un apoio cada vez máis masivo, mesmo dentro do exército e o goberno laborista británico preferiu negociar a independencia que manter un custoso e absurdo conflito que irremediabilmente acabarían perdendo.

A independencia, en 1947, significou a división do territorio en dous Estados distintos, pola presión dos musulmáns que lograron o recoñecemento dun país independente propio, de maioría musulmá, en Paquistán, con dous territorios (oriental e occidental) separados por miles de quilómetros. A partición provocou a morte por enfrontamentos étnicos e relixiosos de medio millón de persoas —entre elas Ghandi, asasinado por un hindú fanático descontento coa súa política de tolerancia cara os musulmáns—. Ademais sete millóns e medio de musulmáns e dez millóns de hindús tiveron que marchar desprazarse cara os novos Estados. O caso de Caxemira, de maioría musulmá pero incluída na India por decisión do seu príncipe, leva provocado varias guerras entre a India e Paquistán. Paquistán Oriental logrou a súa independencia, como Bangla Desh, en 1971, despois dunha cruenta guerra civil co apoio da India.



Refuxiados como consecuencia da partición da colonia da India, 1947

3. A independencia de África.

A fase africana da descolonización desenvolveuse con posterioridade á asiática e cobrou un gran impulso como consecuencia do trunfo desta. Nun primeiro momento, entre os anos 1945 e 1955, pódese falar tan só de reivindicacións e demandas dunha maior participación política por parte dos nativos, sendo a partir desta data e sobre todo de 1960 cando se produciu a onda de proclamacións de independencia. A independencia dos países africanos relaciónase co crise do Canal de Suez, en 1956 (que evidenciou o sometemento das potencias coloniais de Gran Bretaña e Francia aos mandatos da URSS e EE UU) e a Conferencia de Bandung (1955) que potenciou unha actitude favorable cara a descolonización.

3.1. A África negra

Gran Bretaña, seguindo o exemplo de Asia, intentou unha descolonización controlada desde a metrópole. O primeiro país ao que se lle concedeu a independencia foi a Ghana, no ano 1957, liderado por Nkrumah. A súa política



Primeiro goberno da Ghana independente presidido por Nkrumah

socialista viuse truncada co golpe de estado de 1966.

Este modelo foi seguido no resto das colonias da África Occidental británica. En Nixeria, a

máis importante das colonias británicas na zona, a independencia motivou enfrontamento étnicos que remataron na guerra de Biafra (1967-70), cando a tribo dos ibos quixo separarse do novo Estado alentada polas compañías petrolíferas occidentais.

Na África Oriental británica a significativa presenza de colonos brancos que intentaron establecer un réxime de apartheid, similar ao de Sudáfrica, provocou graves enfrontamentos. Kenia conseguiu a súa independencia en 1963 despois de anos de violencia entre o exército colonial e os guerrilleiros Mau-Mau. En Rhodesia do Norte —actual Cimbabue— os brancos proclamaron unilateralmente a independencia nun Estado racista en 1965, que non foi recoñecido internacionalmente, agás polo outro réxime racista africano, o de Sudáfrica. Despois dunha prolongada guerra de guerrillas, a maioría negra conquistou o poder en 1980.



Guerrilleiros Mau-Mau prisioneiros dos británicos, 1959

As colonias francesas da África negra accederon á independencia de maneira relativamente pacífica e tutelados desde a metrópole. O primeiro país en independizarse foi Guinea Conakry (1958). O Congo francés proclamou a súa independencia en 1960, seguido rapidamente doutros 13 países. O derradeiro territorio colonial francés na África negra foi Xibutí (antiga Somalia francesa) que accedeu á independencia en 1977.

O ex-Congo belga, xunto con Ruanda e Burundi lograron a independencia en 1960 pero pouco despois o Congo viuse sumido nunha cruenta guerra civil, que durou tres anos, cando as compañías occidentais apoiaron a secesión da provincia mineira máis importante: Katanga. As potencias occidentais mesmo recorreron a mercenarios, asasinando ao presidente Lumumba. Mantívose a unidade do país, pero en 1966 un golpe militar colocou no poder a Mobutu, quen implantou unha dura e corrupta ditadura.

As últimas colonias da África negra foron as portuguesas. Nas colonias portuguesas de Angola, Mozambique e Guinea Bissau mantívose unha cruenta guerra de liberación nacional, ata que en 1975 coa caída da ditadura en Portugal lograron acadar a plena independencia, aínda que Mozambique e Angola víronse logo sumidas en guerras civís.



O ministro Fraga e Macías acordan a independencia de Guinea Ecuatorial, 1968

España recoñeceu a independencia pacífica de Guinea Ecuatorial -formada polas antigas provincias de Fernando Póo e Río Muni-, a mans do ditador Macías en 1968.

Namibia, quedara dende o Tratado de Versalles como Mandato da Sociedade de Nacións baixo a administración de Sudáfrica. A ONU, en 1966, acordou revocar o réxime de mandato e estableceu a autoridade directa sobre o territorio, pero isto non foi aceptado por Sudáfrica que seguiu ocupando o país. Tras os cambios habidos en Sudáfrica, Namibia acadou a súa independencia en 1992

3.2. A África árabe

Egipto, en 1922, foi o primeiro país árabe do norte de África en liberarse do dominio colonial, pero sen a soberanía sobre o Canal de Suez ata 1956.

Os enfrontamentos foron máis violentos no Magreb controlado por Francia. Pretendeu controlar a independencia de Marrocos (xunto con España) e Túnez, co desexo de manter colonizada Alxeria, como provincia de ultramar. En 1956 independizáronse Marrocos e Túnez.

En Alxeria vivía unha importante minoría de colonos de orixe europea, un millón de habitantes, a décima parte do total. O caso alxeriano saldouse cunha guerra que durou oito anos (1954-1962) e que supuxo máis dun millón de vítimas. A ocupación de Alxeria comezara en 1830 e foi despois de cincuenta anos cando Francia conseguiu consolidar o seu dominio. A partir deste momento -1882- produciuse unha forte emigración de europeos que se foron asentando en Alxeria, copando as mellores terras e levando a cabo unha administración que pretendeu asimilar por aculturación aos nativos: implantouse a lingua francesa, xeneralizouse a súa cultura e declaráuselles provincia da metrópole. As ideas nacionalistas, xa existentes, fixéronse patentes coincidindo coa 2ª Guerra Mundial, e foron alentadas especialmente polas institucións relixiosas e culturais musulmás. Despois da Guerra apareceron as primeiras peticións de independencia o que desencadeou unha durísima represión.

Fronte á discriminación da maioría indíxena, no ano 1954 creouse a Fronte de Liberación Nacional (FLN), que aglutinaba ás asociacións anti-francesas que tiñan como obxectivo a consecución da independencia. Nese mesmo ano iniciouse a guerra, practicando os alxerinos a guerra de guerrillas e as sabotaxes como formas de loita fronte a un inimigo moi superior (o conflito provocou máis de 500.000 mortos, 30.000 franceses).



Alxerianos asasinados polas tropas francesas

Pese as durísimas medidas dos franceses, que chegaron a impoñer o desprazamento de máis de dous millóns de alxerinos dos seus fogares, conseguíuse o apoio da poboación e o xeneral De Gaulle, presidente da República Francesa, viuse na necesidade de comezar a dar en 1958 os pasos para a autonomía do territorio. Isto provocou a reacción dos colonos europeos e xurdiu a OAS (Organisation de l'Armée Secrète), organización militar secreta, destinada a atacar contra os partidarios da independencia e contra aqueles que estivesen dispostos a facer concesións. Con todo, o 3 de xullo de 1962, o goberno francés recoñecía a independencia de Alxeria, poñendo fin a un dos episodios máis sanguiñentos da descolonización.

En Alxeria a consigna de folga xeral lanzada pola OAS foi moi seguida en Alxer e Orán e case coa mesma intensidade en Constantina e Bona. Despois das sabotaxes das emisións televisadas do discurso do xefe do Estado [xeneral De Gaulle], o luns pola tarde, as grandes cidades alxerianas son como cidades mortas, aínda que manifestacións esporádicas axitasen o luns a tarde o centro de Alxer e Orán.

Desenvolveuse un servizo de orde considerable [...], cerrando os barrios e illando practicamente os sectores europeos. Sen embargo, numerosos atentados tiveron lugar despois da hora do toque de queda. A maioría causou vítimas musulmás.

Le Monde, 20 de marzo de 1962

España, 1968, cedeu o territorio de Ifni a Marrocos no ano 1969. No ano 75 tamén cedeu a soberanía do territorio do Sahara occidental a Marrocos e Mauritania, en contra da opinión da poboación saharauí que aínda mantén unha loita armada pola súa independencia, dirixida pola Fronte Polisario. Desde 1979, logo da retirada de Mauritania do sur, Marrocos fíxose co control total do territorio. Desde aquela a ONU ten pendente a realización dun referendo de autodeterminación que semella non facerse nunca, mentres os saharauís sobreviven no deserto alxeriano.



Tinduf, campamento de refuxiados saharauís no deserto

As colonias italianas de Libia e Somalia quedaron baixo o mandato da ONU dende 1945, e acadaron a independencia en 1951 e 1960 respectivamente, agrupando o novo estado somalí ás antigas Somalias británica e italiana. A colonia de Eritrea foi anexionada por Etiopía —que recobrara a independencia durante a 2ª G.M., en 1941— ata que, tamén, despois dunha prolongada guerra, logrou a independencia en 1993.

3.3. O apartheid sudafricano

A Unión Sudafricana goza dunha independencia real desde principios do século XX, aínda que formalmente non se proclama como república ata 1961. A minoría branca controlou o novo Estado, establecendo un réxime racista, aprobándose leis de segregación racial, concentrando a maioría negra en guetos urbanos ou en batustáns rurais. O sistema de apartheid total implántase en 1948 co trunfo do Partido Nacional, prohibíndose os matrimonios mixtos. A poboación negra carecía de todo tipo de dereitos e sufría duros castigos por parte das autoridades brancas.



Soweto; Peter Magubane, 1976

Contra esta terrible discriminación rebelouse o Congreso Nacional Africano, fundado en 1944. En 1962 o seu líder era Nelson Mandela que foi encarcerado ata 1990. Un dos episodios máis sangrentos da loita da poboación negra polos seus dereitos produciuse en 1976, no gueto de Soweto, onde a policía branca provocou máis de 1.000 mortos. A partir de aquí foron en aumento as condenas internacionais ao réxime racista, acadándose en 1990 a

liberación de Mandela e, en 1994, celebráronse as primeiras eleccións democráticas que converteu ao antigo preso político en presidente dun país onde conviven, non sen dificultades, brancos e negros.

[...] En 1942 comecei a traballar nun despacho de avogados de Johannesburgo. Certo día unha nova secretaria, branca, pedíume que lle dese traballo se non tiña nada que facer. Un día estaba a ditalle unha carta cando entrou un cliente branco. Púxose bastante nerviosa, e para demostrar que eu non era o seu superior sacou seis peniques do bolso e díxome: <<Nelson vai a perfumería e tráeme un xampú>>. En 1944 inscribíame no Congreso Nacional Africano [...]. En 1953 condenáronme a nove meses de prisión por tomar parte na organización dunha campaña de desobediencia ás Leis Inxustas. En 1956 detivéronme por alta traizón.

Nelson Mandela (1964)


4.- A nova realidade política.

O acceso á independencia dos novos países asiáticos e africanos supuxo o ter que facer fronte á creación de novos estados, aparecendo en primeiro plano as consecuencias tanto políticas como económicas derivadas do pasado colonial.

4.1. Características internas dos novos réximes políticos.

A primeira das características dos novos estados foi a súa dificultade para solucionar os problemas fronteirizos derivados do proceso descolonizador. A artificiosidade das fronteiras recibidas viña dada porque estas non respondían máis que aos criterios establecidos polas potencias coloniais en función dos seus intereses de explotación. Tribos historicamente enfrontadas unidas agora nun mesmo estado, pobos coa mesma historia e tradición repartidos entre varios estados novos, minorías tribais sometidas a grupos rivais dominantes, son algunhas das variantes que se deron na descolonización africana.

Aos problemas étnicos e culturais superpúxoselle agora a delimitación das fronteiras, o que ocasionou numerosos enfrontamentos bélicos entre os novos países ou conflitos civís no seu seo sendo, neste sentido, moi emblemáticas as guerras civís que tiveron lugar no ex-Congo belga, actual Zaire, e en Nixeria, onde se pretenderon separar, respectivamente, os territorios de Katanga e de Biafra. En ámbolos dous casos as interferencias das potencias occidentais foron unha constante, armando aos bandos en conflito coa esperanza de lograr mellores condicións para os seus intereses comerciais.



"Á luz dos criterios aplicados hoxe, algúns membros do goberno de entón e algúns representantes belgas da época teñen unha parte irrefutable de responsabilidade nos acontecementos que conduciron á morte de Patrice Lumumba. O goberno estima xa que logo que debe presentar á familia de Patrice Lumumba e ao pobo congolés o seu profundo e sincero pesar e as súas escusas pola dor que lles foi inflixido por tal apatía e fría neutralidade."

Parlamento belga, febreiro 2002

No caso asiático, ademais das diferencias étnicas e culturais, presentes, por exemplo, nas reivindicacións actuais dos támlis de Sri Lanka, tiveron unha importancia enorme as diferencias relixiosas, que provocaron a partición do imperio británico da India e que seguen sendo fonte de conflitos abertos en territorios como o Punjab ou Cachemira, no noroeste da República India, onde a convivencia de sijs, musulmáns e hindús semella imposible.

Outra das características internas destes réximes de Asia, África e mesmo América Latina foi a súa inestabilidade política. O modelo político imitado ten sido, habitualmente o da democracia de tipo occidental debido á influencia europea. Pero, nuns casos pola urxencia de afrontar o desenvolvemento económico e crear novas estruturas centralizadas, noutros pola existencia dunhas moi reducidas elites preparadas e capaces de exercer o poder, ou por presións e intereses económicos de empresas estranxeiras que controlaban gran parte dos recursos do país, a maioría destes países cambiaron pronto do réxime parlamentario ao presidencial, de partido único, ou a ditaduras militares.

A custosa administración herdada do réxime colonial e a falla de cadros técnicos representaron, tamén, un serio obstáculo para o desenvolvemento político e económico. Os exércitos e as administracións leváronse a maioría dos recursos dispoñibles, dado que eran os únicos elementos capaces de manter a cohesión nacional.

4.2. O recoñecemento internacional: a Conferencia de Bandung.

En 1955 reuniuse en Bandung —Indonesia— unha Conferencia internacional para reclamar a descolonización dos países sometidos. Nela participaron vintenoventa países, dos que seis eran africanos e os restantes asiáticos. O seu obxectivo era apoiar aos países que aínda non alcanzaran a soberanía e contribuír á paz mundial, arredándose da dinámica bipolar na que estaba metida a política internacional da Guerra Fría. Foi unha reunión na que os países participantes estaban divididos entre si, mesmo no referente á aliñación con un ou outro bloque, pero na que, pese a todo, se conseguiu sacar adiante un comunicado final, moi moderado, pero que tivo unha gran forza moral para os países que estaban loitando pola súa independencia.



Nasser, Nehru e Tito en Bandung, 1955

No comunicado final acordado destacaba o apoio ao principio de autodeterminación dos pobos segundo recolle a Carta das Nacións Unidas, así como aos principios fundamentais dos dereitos humanos. Sinalaba tamén a necesidade de promover o desenvolvemento dos países asiáticos e africanos, así como incrementar a cooperación entre eles. Facía unha forte crítica do colonialismo dicindo que era un mal ao que había «que pór fin rapidamente», e declaraba o seu apoio á causa de liberación dos pobos sometidos.

A Conferencia Afroasiática, logo de discutir os problemas dos pobos dependentes e do colonialismo e os males que deles se derivan, chegou ao acordo:

1. En declarar que o colonialismo, en todas as súas manifestacións, é un mal ao que hai que pór fin rapidamente.
2. En afirmar que o sometemento dos pobos ao xugo estranxeiro, a dominación e a explotación que constitúen a negación dos dereitos fundamentais do home, están en contradición coa Carta das Nacións Unidas e son un obstáculo para o desenvolvemento da paz e da cooperación mundial.
3. En declarar o seu apoio á causa da liberdade e da independencia de todos os pobos dependentes e, para rematar,

4. O chamar ás potencias interesadas a fin de que concedan liberdade e independencia a estes pobos.
Bandung (abril, 1955)

A Conferencia de Bandung significou o inicio da toma de conciencia dos países de Asia e África que rexeitaban os modelos coloniais e neocoloniais e desexaban iniciar un desenvolvemento autónomo. Supuxo, tamén, sentar as bases para actuar conxuntamente na ONU, e aumentar a súa seguridade colectiva e o seu peso diplomático no mundo, así como que as grandes potencias comezasen a tomalos en serio e a respectar as súas políticas. De feito, no ano 1955 foron admitidos na ONU dezaseis novos membros que se viron reforzados, a partir de 1960, cun gran número de países africanos.

Unha das súas consecuencias directas foi a formación do Movemento de Países Non Aliñados, reclamando a independencia de ámbolos bloques enfrontados na Guerra Fría. Este Movemento organizouse a partir da Conferencia de Belgrado de 1961, impulsada polos presidentes de Iugoslavia (Tito), Exipto (Nasser), Indonesia (Sukarno) e India (Nehru), sobre a base da neutralidade, a oposición aos bloques militares, o dereito á autodeterminación e á independencia política e económica dos pobos, o apoio aos movementos de liberación nacional nos países aínda colonizados e a non aceptación nos seus territorios de bases estranxeiras. Aínda que as diferencias tanto nas ideoloxías como nas culturas eran evidentes, quedaron delimitados os obxectivos, centrados sobre todo na neutralidade e na independencia política e económica dos pobos.

5. A cuestión do Próximo Oriente

A rexión de Oriente Medio foi a primeira zona colonizada en obter a independencia. A maioría da poboacións era árabe, con excepción dos turcos e dos persas, e de relixión islámica. Converteuse nunha zona moi atractiva para o capitalismo mundial, tanto pola súa situación estratéxica como, sobre todo, polos depósitos de petróleo.

Durante a I Guerra Mundial os británicos prometéronlle aos árabes a independencia a cambio dos seu apoio contra o Imperio Otomano. Pero xa tiñan decidido cos franceses repartirse o territorio baixo a fórmula dos “mandatos” da Sociedade de Nacións. Francia ocupou Siria e o Líbano, e Gran Bretaña quedou con Palestina, Transxordania e Iraq.

A potencia derrotada na I Guerra Mundial, Turquía, acabou constituíndose como unha república laica baixo a tutela do exército encabezado polo líder Kemal (Attaturk). Irán tamén mantivo a independencia e, no 1925, un golpe militar de Reza Pahlevi impuxo unha nova dinastía ditatorial e occidentalizada.

As metrópoles foron concedendo distintas fórmulas de autogoberno, así acadaron a súa independencia Exipto (1922), Arabia Saudita (1932), Iraq (1932), Siria (1943) e Líbano (1943). En todos estes países o papel do Exército como base do Estado e fonte do poder vai ser cada vez maior. Neste contexto se inseriu a creación do Estado de Israel en 1948.

Introdución: o pobo xudeu e a súa diáspora

Os xudeus identificáronse como pobo durante miles de anos en base á súa cultura relixiosa e pese ás diferenzas que existen entre eles, a práctica dunha relixión común propiciou a conservación dunha cultura tradicional bastante homoxénea. Os territorios de Palestina (que aparecen mencionados na Biblia cos nomes de Canaán, Xudea, Samaria...) foron conquistados na antigüidade polos asirios, os babilonios, os persas, os macedonios de Alexandre Magno e tamén polos romanos.

A Biblia é un libro escrito durante varios séculos que tanto na relixión hebrea como na cristiá se considera inspirado por Deus coa finalidade de guiar ao «pobo elixido». Esta conciencia de ser un pobo predestinado levou aos xudeus frecuentemente a adoptar unha cultura de resistencia fronte aos intentos de dominación e asimilación, e así opuxéronse aos diversos

conquistadores da antigüidade: no ano 70 d. C. o fillo do emperador Diocleciano, Tito, aplastou unha rebelión antirromana, incendiou a cidade de Xerusalém, destruíu o seu templo (do que só se conservou o chamado «*muro das lamentacións*» onde desde entón van rezar os xudeus) e deportou a 50.000 fóra do seu territorio. Unha nova sublevación nos anos 132 a 135 d. C. foi seguida dunha represión aínda máis dura, ordenando o emperador romano Adriano a deportación da maioría da poboación.

Na época bizantina a rexión estaba pouco poboada, e durante a expansión musulmá do século VII a escasa poboación da zona converteuse ao Islam. Estes territorios recibiron o nome de Palestina, ou país dos filisteos que era o nome doutros antigos habitantes da rexión.

Case non quedaron xudeus en Palestina. Espallados polos territorios do antigo Imperio Romano (e incluso máis alá) viviron en barrios diferenciados, conservando a súa relixión, diferentes costumes —alimentación, relacións matrimoniais, etc.—. A separación dos xudeus en comunidades separadas non se debeu só á propia vontade. Na maioría dos países prohibíuselles mesturarse coas poboacións cristiás —ou islámicas, segundo o caso—, a posesión de terras e exercer diversos oficios e cargos públicos. Foron discriminados, obrigados a vivir xuntos nos barrios xudeus, a pagar determinados impostos, dedicándose ás profesións que lles estaban permitidas: a medicina, o comercio, a banca, certas profesións artesanais... ao longo da historia sufriron duras persecucións e expulsións (os Reis Católicos decretaron a expulsión de tódolos xudeus dos seus reinos en 1492).

5.1. O sionismo e as primeiras migracións cara Palestina

A finais do século XIX, na época de difusión dos nacionalismos e da expansión imperialista europea polo mundo, e como reacción ante as frecuentes persecucións de que eran obxecto, un xudeu orixinario do Imperio Austro-húngaro, de nome Teodoro Herzl, formulou a idea de crear un Estado xudeu en terras de Palestina para que servise de refuxio a tódolos xudeus perseguidos do mundo. Este movemento recibiu o nome de *sionismo* xa que propugnaba o retorno a Sión (Sión é o nome que se da na Biblia a unha das colinas sobre as que está edificada a cidade de Xerusalém. Por extensión se denomina así a Xerusalém e a toda a «Terra prometida» por Yahvé aos xudeus).

Palestina estaba habitada por máis de medio millón de persoas de lingua e cultura árabe, que formaban parte do Imperio Otomano. Era un territorio pobre e pouco atractivo para a inmigración dos xudeus ata o punto que antes de promover a emigración a este territorio pensouse en crear un Estado hebreo noutros lugares con mellores condicións e posibilidades: Arxentina, Libia, Uganda, a península do Sinaí..., pero finalmente os sentimentos relixiosos inclinaron a escolla en favor dos antigos territorios bíblicos. Cando morreu Teodoro Herzl en 1904 había vivindo en Palestina uns 70.000 xudeus en condicións bastante precarias. O seu número incrementouse ata 150.000 en 1914.

- Migracións dos xudeus a Palestina ata 1948

Despois da primeira Guerra Mundial desapareceu o Imperio Otomano, derrotado polos aliados (británicos, franceses...). Os territorios do próximo Oriente foron repartidos entre Gran Bretaña e Francia, correspondendo Palestina aos británicos. Durante a guerra os sionistas apoiaron a causa dos aliados e



Mapa posterior a I Guerra Mundial co territorio cedido aos xudeus pola Gran Bretaña: "Declaración Balfour"

algúns banqueiros xudeus facilitaron créditos os gobernos aliados a cambio de que se lle recoñecese aos hebreos a fundación de un «fogar nacional xudeu» en terras e Palestina. Este recoñecemento recibiu o nome de «Declaración Balfour» porque foi asinado polo ministro británico de Asuntos Exteriores, Balfour, en 1917.


«O goberno da Súa Maxestade contempla de modo favorable o establecemento en Palestina dunha nación na que poda ter a súa patria o pobo xudeu, e poñerá en marcha os seus mellores esforzos para facilitar a consecución deste obxecto, estando claramente sobreentendido que non se levará a cabo ningunha acción que poida redundar en prexuízo dos dereitos civís e relixiosos das comunidades non xudías existentes en Palestina, nin dos dereitos e status político de que poidan desfrutar os xudeus en calquera outro país».

Declaración Balfour, 1917

O ministro Balfour escribiu un memorandum secreto en 1919 no que poden observarse notables diferenzas co declarado publicamente dous anos antes:

«Respecto a Palestina, non pretendemos nin sequera pasar pola formalidade de consultar os desexos dos actuais habitantes..., as catro Grandes Potencias comprometéronse co sionismo. E o sionismo, para ben ou para mal, está arraigado en tradicións antiquísimas, en necesidades presentes e mais en esperanzas futuras, dunha importancia moito máis profunda que os desexos e prexuízos dos setecentos mil árabes que agora habitan esas terras ancestrais.»

Distribución da poboación en Palestina segundo o censo de 1922



O censo de poboación de Palestina realizado polos británicos en 1922 reflectía unha poboación de 850.000 persoas: 700.000 musulmáns, 82.000 xudeus, 62.000 cristiáns e 6.000 doutras relixións

Cando rematou a guerra, entre 1919 e 1942, grazas á eficaz propaganda e axuda da Axencia Xudía, ao apoio de comunidades hebreas de Europa e América e ao financiamento de banqueiros xudeus, establecéronse en Palestina 358.910 inmigrantes. A maioría procedían do leste de Europa (URSS, Lituania, Polonia...) posuían estudos, formación técnica, e ían convencidos da súa misión: construír o Estado de Israel.

Grazas ao xeneroso financiamento exterior puideron mercar terras e establecer modernas explotacións agrarias e pequenas industrias que levaron á ruína a moitos palestinos, integrantes dunha sociedade tradicional, con sistemas agrícolas moi arcaicos e escaso índice de alfabetización. Entre 1918 e 1945 as propiedades agrícolas dos xudeus pasaron de 42.060 hectáreas a 194.170 Ha.

«Un Estado xudeu nunha parte de Palestina non é o final, senón un principio. A creación de ese Estado xudeu servirá como medio aos nosos esforzos históricos de redimir o país na súa totalidade. Traeremos ao país a cantos xudeus poida conter; construiremos unha economía xudeu sólida. Organizaremos unha forza de defensa sofisticada, un exército de elite. Non teño ningunha dúbida de que o noso exército será un dos mellores do

mundo. E tamén estou seguro de que nada nos impedirá asentarnos en todo o resto do país, xa sexa por medio do entendemento mutuo e o acordo cos nosos veciños árabes ou por calquera outro medio».

Ben Gurión, 1935

A sanguinaria persecución emprendida polos nazis na desde antes da II Guerra Mundial propiciou unha verdadeira avalancha de inmigrantes: en 1947 xa eran uns 600.000 os xudeus que vivían en Palestina.

5.2. A partición de Palestina, a proclamación do Estado de Israel: a 1ª guerra árabe-israelí

O territorio de Palestina ocupa unha superficie menor ca de Galicia, algo menos de 26.500 Km². A presión cada vez maior sobre a poboación palestina, a utilización do terrorismo como arma política para conseguir implantar o Estado de Israel e o desprazamento dos palestinos provocou a reacción árabe.

A cada vez maior presenza xudía, disposta a formar un Estado «...por calquera outro medio» como dixerá Ben Gurion, desembocou en múltiples atentados terroristas por ambos bandos. Velaí a descrición feita por un delegado da Cruz Vermella sobre as consecuencias dun atentado sionista contra unha pequena localidade palestina en 1948 que causou a morte a 254 campesiños incluíndo moitas mulleres e nenos pequenos:

«Atopei algúns corpos xa fríos. Aquí a «limpeza» realzárana con metraladoras, e despois con granadas de man. Rematáranos con coitelos, iso estaba claro. A habitación seguinte estaba igual pero, cando ía marchar, sentín unha especie de suspiro. Mirei por todas partes, removín tódolos cadáveres e por fin atopei un peciño aínda quente. Era unha nena de dez anos, mutilada por unha granada de man pero aínda viva...»

Informe dun Delegado da Cruz Vermella sobre un atentado sionista (1948)

En 1947, a O.N.U., recen constituída, recomendou a división do territorio entre ámbalas dúas comunidades —árabes e xudeus—, o que foi aceptado como un mal menor polos sionistas e rexeitado de plano polos árabes. Ao tempo que se retiraban os británicos en 1948, proclamouse o Estado de Israel e iniciouse a primeira guerra árabe-israelí.

O proxecto da ONU nunca pasou do papel porque o desencadeamento da guerra foi inmediato. Este plano prevía conceder uns 14.500 Km² nos que vivían pouco máis de un millón de persoas (algo máis do 50% xudeus e o resto árabes) ao Estado de Israel, e 11.823 Km². habitados por unhas 600.000 persoas (en torno a 500.000 árabes e case 100.000 xudeus) ao Estado palestino.

Entre 1947 e 1949 aproximadamente medio millón de palestinos árabes foron desprazados dos seu fogares, abandonando a zona xudía en dirección aos territorios árabes ou cara o exilio. Este éxodo estivo motivado tanto polos temor aos atentados terroristas sionistas como ás recomendacións e presións dos países árabes que estaban convencidos de poder «lanzar ao mar» aos xudeus cando se desencadease a guerra, e para iso, era preferible que non houbera poboación civil árabe no futuro campo de batalla.



Refuxiados palestinos (1948)

A retirada británica coincidiu coa proclamación do Estado de Israel (14 de maio de 1948) e coa declaración de guerra de tódolos países árabes limítrofes. O xudeus, mellor armados e adestrados rexeitaron con facilidade aos improvisados exércitos de Líbano, Siria e Iraq que atacaron polo norte, aos saudíes e mais aos exipcios no sur e só a lexión árabe de Xordania conseguiu impedir o avance israelí no centro do país. En poucos meses os israelís consolidaron a súa vitoria, lograron ampliar o territorio que inicialmente lle recoñecera a ONU en 5.728 Km² máis, impoñendo o seu dominio sobre 20.850 Km².

- Os refuxiados palestinos

A guerra foi catastrófica para os palestinos provocando máis de medio millón de refuxiados. En 1947, antes da partición, da creación do Estado de Israel e da guerra, vivían en Palestina máis de 1 millón de árabes (palestinos). Dous anos despois, ao finalizar a guerra, máis da metade estaba refuxiada no seu propio país ou nos países árabes veciños; a outra metade vivía en territorios gobernados por israelís, exipcios ou xordanos: A ONU recoñecéralles un territorio de 11.383 Km². (unha superficie algo menor á das provincias de Ourense e Pontevedra xuntas); Israel ocupou 5.728 Km²; Xordania unha superficie similar na marxe esquerda do río Xordán (Cisjordania, chamadas Samaria e Xudea polos israelís, con 5.878 Km²) e Exipto quedou coa franxa de Gaza (217 Km²).

A política sionista do novo Estado de Israel é responsable de boa parte das desgrazas do pobo palestino: provocou o éxodo de medio millón de persoas, negouse a readmitir nos seus territorios aos exiliados ou a pagar ningunha indemnización polas súas terras... Pero tamén cabe algunha responsabilidade aos países árabes que declararon de maneira irresponsable a guerra a Israel, que se apoderaron tamén de terras palestinas, que apertaron a moitos



Refuxiados palestinos (1949)

palestinos para que abandonasen os territorios ocupados, que se negaron a conceder a nacionalidade aos palestinos (salvo no caso de Xordania)...

As consecuencias foron dramáticas para os palestinos, abandonados de todos, condenados á miseria e á marxinação. O medio millón de refuxiados palestinos de 1949 convertéronse en dous millóns e medio en 1966 e nuns catro millóns na actualidade, aínda que non existe un censo fiable a causa da súa dispersión entre varios países. Para tratar de paliar a súa situación de miseria a ONU fundou a Organización para a Axuda e Readaptación dos Refuxiados Árabes — UNWRA— que se encargou de dotar dunha mínima infraestrutura os campamentos de refuxiados (hospitais, escolas...).

Os palestinos sentíronse impotentes para facer fronte ás súas desgrazas, agardando que a solidariedade dos países árabes lles axudase a recuperar os seus territorios perdidos. Ata 1956 só se creou un primeiro grupo de resistencia palestino

o *Movemento Nacionalista Árabe*, fundado polo Dr. George Habache. Houbo sen embargo núcleos palestinos armados e adestrados polos países árabes veciños que entre 1948 e 1956 realizaron máis de 1000 atentados que causaron polo menos 400 mortos e 500 feridos en Israel. Israel respondeu a cada un destes actos con durísimas represalias sobre os

territorios árabes limítrofes causando enormes estragos en vidas humanas e perdas materiais.

5.3. 1956: A Crise de Suez; 2º guerra árabe-israelí

O clima de guerra entre Israel e os seus veciños árabes desembocou nunha guerra aberta en 1956. O motivo inmediato foi a nacionalización do Canal de Suez por Nasser. Pero o Canal pertencía a un consorcio franco-británico que realizara a súa construción no século XIX, e que pretendía explotalo durante cen anos, ata 1968. Os gobernos de Francia e do Reino Unido decidiron utilizar a forza para defender o negocio dos seus capitalistas que investiran en accións do Canal; e contaron tamén co goberno de Israel, prexudicado tamén pola nacionalización, xa que a primeira medida do goberno exipcio foi prohibir o paso de barcos israelís, obrigándolles a dar a volta ao redor de África.

En resposta á nacionalización, o 29 de outubro de 1956 as tropas israelís penetraron no Sinaí deténdose nunha liña paralela ao Canal, como acordaran cos franceses e británicos que, pola súa banda, desembarcaron en Port Said e ocuparon en seis días todo o Canal.

Esta agresión elevou a tensión política internacional ao borde da guerra. Coincidiu no tempo coa intervención soviética para esmagar a sublevación anticomunista de Hungría. Rusia ameazou con intervir en favor dos árabes. Foi un dos momentos de maior tensión da Guerra Fría. Finalmente as dúas grandes potencias lograron impoñer unha solución obrigando a retirarse ás tropas estranxeiras do Canal, sendo substituídas polos cascos azuis da ONU que foron creados con este motivo.

- A resistencia palestina comezou a organizarse

Os palestinos, en cambio, volveron ser marxinados e comezaron a comprender que se querían lograr algunha mellora na súa situación tiñan que ser eles os que se encargasen de conseguilo. En 1957 Yassir Arafat fundou *Al Fatah* e pouco despois naceron outras diversas organizacións e grupos de resistencia política e militar contra Israel. O dirixente exipcio Nasser promoveu unha conferencia de todos os grupos palestinos de resistencia, constituíndose a *Organización para a Liberación de Palestina* (O.L.P.) en 1964.

As organizacións armadas palestinas recrutaron a miles de mozos nos campamentos de refuxiados, e lograron o respaldo económico, político e militar dalgúns gobernos árabes, pero sobre todo, dos países do bloque comunista que lles proporcionaron armamento e asesoramento técnico. As incursións de guerrilleiros palestinos en Israel contribuíron a agravar a tensión en Israel e tiveron certa influencia no desencadeamento da chamada guerra dos seis días en 1967.

«Todo o mundo ten un Fogar porque o fogar é o lugar onde un encontra Paz e Felicidade. Os palestinos non o teñen. As tendas e mais as casas nas que viven non poden ser o seu fogar. O exército é o único medio polo que os palestinos poderán recuperalo.»

Fogar. Texto editado pola O.L.P. en 1964

5.4. A guerra dos seis días.

Israel continuou acrecentando a súa poboación a un ritmo vertixinoso, grazas sobre todo á inmigración de xudeus procedentes da URSS. En 1967 contaba xa con 2'5 millóns de habitantes. A axuda norteamericana permitiulle un impresionante despegue tecnolóxico e armamentista. As necesidades crecentes dunha economía e unha poboación en expansión impulsou ao goberno israelí a apropiarse cada vez de máis auga do río Xordán o que prexudicaba ás poboacións árabes da outra beira. A hostilidade fronte Israel era unha causa popular entre as masas árabes.

Os gobernos de Siria e Exipto, co respaldo soviético, iniciaron os preparativos para atacar a Israel, confiando na superioridade numérica das súas forzas. Nasser ordenou o bloqueo do

estreito de Tirán a calquera barco con destino ou orixe no porto israelí de Eliat, pero mentres preparaban os planos definitivos de coordinación con Xordania e Siria, as forzas de Israel desencadearon ataques aéreos por sorpresa que destruíron practicamente toda a forza aérea dos seus inimigos anulando a súa vantaxe inicial. A continuación, grazas á súa hexemonía aérea, os seus blindados conquistaron a franxa de Gaza, toda a península do Sinaí, Cisjordania, o sector leste de Xerusalém e mais os altos do Golán en territorio sirio, en total uns 45.000 Km².



A crise tratou de decidirse na ONU onde se aprobou unha das máis polémicas resolucións de toda a súa historia, a resolución 242, que esixía por unha banda a retirada de Israel dos territorios ocupados e por outra o recoñecemento de tódolos Estados da zona a contar con fronteiras seguras e recoñecidas internacionalmente. Pero nin os árabes estaban dispostos a recoñecer a Israel nin os israelís a retirarse dos territorios ocupados.

“O Consello de Seguridade,
Expresando a súa constante preocupación pola grave situación no Oriente Próximo.

Insistindo no inadmisíbel da adquisición de territorios por medio da guerra e na necesidade de traballar por unha paz xusta e duradeira, na que todos os Estados da zona poidan vivir con seguridade.

Insistindo ademais en que todos os Estados Membros, ao aceptar a Carta das Nacións Unidas, contraeron o compromiso de actuar de conformidade co artigo 2 da Carta,

1. Afirma que o acatamento dos principios da Carta require que se estableza unha paz xusta e duradeira no Próximo Oriente, a cal inclúa a aplicación dos dous principios seguintes:

1) Retirada das forzas armadas israelís de territorios que ocuparon durante o recente conflito

2) Terminación de todas as situacións de belixerancia ou alegacións da súa existencia, e respecto e

recoñecemento da soberanía, integridade territorial e independencia política de todos os Estados da zona e do seu dereito a vivir en paz dentro de fronteiras seguras e recoñecidas e libres de ameaza ou actos de forza;

2. Afirma ademais a necesidade de:

a) Garantir a liberdade de navegación polas vías internacionais de navegación da zona.

b) Lograr unha solución xusta do problema dos refuxiados;

c) Garantir a inviolabilidade territorial e independencia política de todos os Estados da zona, adoptando medidas que inclúan a creación de zonas desmilitarizadas

3. Pide ao Secretario Xeral que designe un Representante Especial que marche ao Próximo Oriente, para establecer e manter contactos cos Estados interesados a fin de promover un acordo e de axudar nos esforzos para lograr unha solución pacífica e aceptada, de acordo coas disposicións e principios da presente resolución”.

Resolución 242 da ONU (22-11-1967)

- Persecucións e resistencia palestina

A situación dos palestinos foi a peor. O Estado de Israel controlaba despois da guerra todo o territorio da antiga Palestina e mais o Sinaí e os altos do Golán. Un millón de palestinos pasaron así a vivir dentro de Israel, pero sen que se lles recoñecesen dereitos de cidadanía; eran refuxiados no seu propio territorio, vivindo en campamentos cercados e vixiados polo exército e a policía israelí. 1.300.000 palestinos máis vivían refuxiados en diversos países árabes: 800.000 en Xordania; 300.000 no Líbano, Siria e Irak; 200.000 nos emiratos do

Golfo, Exipto e países do Magreb. Xa non tiñan máis que perder; proliferaron pois os grupos armados de resistencia con actuacións desesperadas.

Comezaron a ser frecuentes os ataques desde as zonas fronteirizas ou no interior de Israel, e a resposta do Estado hebreo foi brutal: enviaron a cadea sen xuízo a milleiros de sospeitosos e mesmo aos familiares de guerrilleiros; dinamitaron as casas e propiedades das familias dos guerrilleiros (só nos seis meses que seguiron á guerra foron dinamitadas máis de mil casas de sospeitosos). Pero a represión indiscriminada xerou novos odios. Bastantes palestinos que recibiron adestramento no leste de Europa incorporaron tamén a influencia do marxismo revolucionario; organizáronse grupos cada vez máis activos co respaldo da inmensa maioría da poboación árabe e islámica que vía neles os vingadores de tantas afrontas e inxustizas recibidas.

Os atentados palestinos causaron centenaes de baixas entre os israelís, aínda que as represalias destes produciron moitas máis vítimas entre os palestinos, nada parecía deter a espiral de violencia. A designación de Yasser Arafat como presidente da O.L.P. en 1969 influíu nun maior prestixio internacional e maior independencia desta organización.

A cada vez máis audaz e mellor organizada resistencia palestina era mal tolerada por algúns gobernos árabes; os numerosos secuestros aéreos dos que obtiveron importantes concesións (máis de 30 entre 1968 e 1983) fixo que a causa palestina fose coñecida en todo o mundo, pero, ao tempo, moitos gobernos buscaron a forma de acabar con ela para poder garantir a súa propia seguridade.

A utilización do territorio de Xordania como base de operacións, con absoluta impunidad e ignorando a autoridade do goberno xordano, provocou a indignación do goberno daquel país. O rei Hussein de Xordania declarou a primeiros de setembro de 1970: "O meu exército impacientase. Non poderá seguir soportando durante moito tempo que se aldraxe continuamente a autoridade do Estado. A Fronte Popular pasouse da raia: non satisfeito con establecer un aeroporto pirata no meu territorio, confecciona selos oficiais, proporciona visados, regula a circulación sobre as grandes estradas, mantén reféns e emprende negociacións con potencias estranxeiras...". A declaración foi seguida da intervención do exército de Xordania contra os campamentos de refuxiados que causou non menos de 10 000 mortos palestinos e uns 15.000 feridos, segundo datos das Nacións Unidas. Esmagadas as organizacións da resistencia no interior de Xordania, moitos palestinos emigraron ao Líbano desde onde continuaron a súa loita contra o Estado de Israel.



Palestinos asasiados polo Exército xordano. Setembro Negro (1970)

As accións palestinas culminaron cunha acción terrorista contra os deportistas israelís que participaban nas Olimpíadas de Munich en 1972, asasinando a once deles que capturaran previamente, antes de ser abatidos pola policía alemá.

A represalia de Israel dirixiuse esta volta contra os campos de refuxiados do Líbano que foron bombardeados pola aviación causando numerosas vítimas. Esta primeira acción complementouse co ataque de comandos israelís na mesma cidade de Beirut, capital do

Líbano, en 1973, dando morte a un centenar de guerrilleiros; ao tempo, o goberno de Israel, chegou a un acordo cunha formación armada da extrema dereita libanesa, a Falanxe libanesa, proporcionándolle cartos e armas para que acabase coa resistencia palestina.

5.5. A guerra de Yon Kippur e as negociacións de Camp David



No outono de 1973, aproveitando a festividade relixiosa hebrea de *Yon Kippur*, Israel foi atacado polo exército exipcio que conseguiu cruzar o Canal de Suez e establecerse na península do Sinaí. Siria, pola súa banda, atacou nas elevacións do Golán, no norte. Aínda que Israel conseguiu deter os ataques e incluso mellorar algo as súas posicións (sobre todo no Golán) os árabes conseguiron nesta guerra a primeira vitoria estratéxica fronte a Israel.

Unha novidade deste conflito foi a utilización do petróleo como arma de

presión contra os países occidentais: os países árabes presentes na OPEP (Organización de Países Exportadores de Petróleo) diminuíron a súa produción en vendas entre un 5% e un 10%, incrementaron o prezo nun 70% e deixaron de exportar temporalmente aos países que prestaban un maior apoio a Israel, como os Estados Unidos e Holanda, obrigando á Comunidade Europea a manifestar publicamente simpatías pola causa palestina. Esta «guerra do petróleo» iniciou unha etapa de dificultades económicas a nivel internacional.

Pero a guerra serviu sobre todo para impulsar un proceso de negociación promovido polas dúas grandes potencias, temerosas de verse envoltas nun conflito de dimensións inimaxinables, no que se chegou a falar incluso da posibilidade de utilizar armas nucleares. A nova situación militar permitiulle ao líder exipcio Sadat, iniciar conversas de paz desde unha posición de igualdade que culminaron cos acordos de *Camp David* —1978— auspiciados polo goberno dos Estados Unidos, polos que se acordou a paz entre Exipto e Israel e os exipcios recuperaron toda a península do Sinaí.

Outra consecuencia da paz foi o cambio de alianzas, aproximándose Exipto aos Estados Unidos e abandonando a tradicional axuda soviética. Os acordos valéronlle a Sadat o recoñecemento dos países occidentais, pero tamén a repulsa do mundo árabe, xa que mirou só pola recuperación de territorios exipcios, quedando fóra dos acordos, nas mans dos israelís que se negaron a falar do asunto, tanto a situación dos palestinos coma a da cidade de Xerusalém e mais a dos altos de Golán conquistados a Siria.

A Organización para a Liberación de Palestina —O.L.P.— logrou o recoñecemento internacional, participando na Liga Árabe e na ONU, pero non houbo a máis mínima concesión por parte de Israel que continuou a persecución implacable dos seus militantes, nin a súa situación foi moito máis favorable nos países árabes: sentíronse traizoados e abandonados de todos pero se negaron a desaparecer como nación. En 1975 había uns 3 millóns de palestinos árabes, dos que en torno a un millón e medio vivían dentro dos límites do Estado de Israel; 750.000 en Xordania, 400.000 no Líbano e uns 200.000 en Siria.

5.6. A primeira guerra do Líbano

Os franceses recoñeceránlle a independencia ao Líbano, separándoo de Siria en 1943. A poboación está formada por unha variada mestura de árabes e europeos divididos en múltiples confesións relixiosas. O sistema político parlamentario foi relativamente estable, baseado na representación maioritaria dos cristiáns (en proporción de seis deputados cristiáns por cada cinco musulmáns), e outorgándolles tamén a presidencia da república, mentres que o primeiro ministro tiña que ser musulmán. Este peculiar sistema derivaba da época da dominación francesa, cando os cristiáns eran lixeiramente máis ca os musulmáns. Pero a situación cambiara, e desde 1960 os musulmáns, máis numerosos, demandaban maior cota de poder. A chegada de 400.000 palestinos desequilibrou definitivamente a balanza a favor dos musulmáns. Os cada vez máis graves incidentes entre comunidades desembocaron nunha guerra civil a partir de 1975.

O apoio de Siria a algunhas faccións musulmás culminou coa intervención aberta a partir de 1976. Os israelís pola súa banda crearon e armaron un exército cristián aliado para controlar o sur do Líbano, de maneira que puidesen evitar a infiltración de comandos palestinos no seu territorio, pero como non foi todo o eficaz que esperaban, terminaron por invadir co seu exército a franxa meridional. Só a interposición de tropas da ONU evitou o enfrontamento directo entre Israel e Siria en 1978.

En 1982 os israelís decidíronse por invadir o Líbano e esmagar definitivamente a resistencia palestina: destruíron as cidades de Tiro, Sidón e Damur e cercaron en Beirut oeste a 8.000 palestinos xunto con medio millón de civís. A ferocidade do exército israelí arrasando unha cidade indefensa foi retransmitida polas televisións de todo o mundo, orixinándose unha onda de indignación. O presidente de Estados Unidos viuse sometido a presión pola opinión pública e obrigou aos israelís a permitir a evacuación dos palestinos, co seu armamento, cara un país árabe. Unha vez que controlaron a cidade, os falanxistas, aliados de Israel, penetraron nos campos de refuxiados de Sabra e Chatila e deron morte a máis de mil palestinos desarmados, principalmente mulleres, nenos e vellos, xa que os homes combatentes foran evacuados.



Matanza de Sabra e Chatila, Beirut (1982)

Israel gañou a guerra pero perdeu con actos deste tipo as simpatías da opinión pública mundial. Dentro de Israel comezaron a erguerse voces favorables ao diálogo e á negociación; pero tamén comezaron a organizarse perigosos grupos de fanáticos que atentaban contra os palestinos que vivían no interior de Israel.

Israel evacuou o Líbano en 1985, pero non totalmente xa que mantivo baixo control militar a franxa sur. Nesta guerra sufriu máis perdas humanas e sobre todo económicas que con ningunha das realizadas antes. Pero o custo para os palestinos foi moitísimo máis elevado: enfrontados nunha loita fratricida os partidarios do líder da O.L.P., Arafat, cos grupos apoiados por Siria, víronse novamente dispersos. A O.L.P. foi acollida temporalmente por Túnez, pero, nin aínda alí quedaron a salvo dos ataques israelís, xa que a súa sede foi destruída por un ataque aéreo en 1985.

5.7. A «intifada» e os acordos de Oslo

En 1986, cando a causa palestina parecía abocada ao fracaso, coa O.L.P. dividida e debilitada, proliferando grupos terroristas manexados por intereses dalgúns gobernos

árabes, como Irak, Irán, Siria, Libia... sen encamiñar os seus esforzos a unha causa propiamente palestina, nese ano comezou de maneira espectacular a resistencia do grupo de poboación palestina máis numeroso, o que vivía en Israel: 750.000 na franxa de Gaza, ao sur, 700.000 na Cisjordania e 125.000 en Xerusalém.



A sublevación palestina ou *intifada*, estivo protagonizada sobre todo por rapaces que se enfrontaron a pedradas contra un dos exércitos mellor adestrados e armados do mundo. O goberno israelí carecía de forzas antidisturbios, e desencadeou terribles represalias militares: dinamitar as casas dos sospeitosos, arrestos en masa, mortos por disparos... As imaxes dos nenos palestinos enfrontándose armados tan só de pedras co poderoso exército de Israel contribuíu a gañar á

opinión pública mundial para a causa palestina.

En Túnez, aproveitando esta oportunidade, o presidente da O.L.P., Arafat, proclamou o Estado palestino, aceptando a existencia do Estado de Israel co que se ofrecía a negociar as fronteiras. Israel ignorou este acordo, pero a presión internacional, alimentada pola *intifada* que cada vez adquiría maiores proporcións e non tiña visos de solución, obrigou ao goberno israelí a aceptar unha saída negociada.

- Os primeiros acordos Israel- O.L.P.

A situación internacional tiña mudado. Israel vía como os gobernos occidentais xa non apoiaban sen condicións a súa política represiva, e non sabía como acabar coa rebelión aberta da poboación palestina que vivía no seu territorio. A maioría dos gobernos do mundo, incluíndo aos de Europa Occidental e os Estados Unidos condenaban a política de *asentamentos* promovida polo goberno israelí: nas terras expropiadas pola forza aos palestinos en Gaza, Cisjordania ou no Golán construíranse preto de dous centenares de poboacións para inmigrantes xudeus chegados sobre todo da Unión Soviética (medio millón de persoas).

En 1990, un acontecemento externo influíu decisivamente no problema palestino. O presidente de Iraq, Saddam Husein deu orde ao seu exército de invadir Kuwait. A maioría dos gobernos e das opinións públicas do mundo condenaron esta invasión, formándose unha forza multinacional, promovida e dirixida polos Estados Unidos para castigar a Iraq e restaurar a independencia de Kuwait. Os palestinos sen embargo, apoiaron case unanimemente a Saddam Husein xa que confiaban que co control dos novos recursos petrolíferos puidese financiar o armamento necesario para enfrontarse definitivamente a Israel. A derrota iraquí significou un durísimo castigo para a O.L.P. que se viu privada das subvencións dos países árabes moderados.

O goberno norteamericano aproveitou a súa momentánea posición de prestixio para someter a presión a Israel a buscar unha solución negociada. A debilidade da O.L.P. foi decisiva á hora de que aceptasen que os negociadores fosen persoas elixidas entre os palestinos do interior e non os líderes que residían en Túnez. En 1991 convocouse en Madrid a Conferencia de Paz de Oriente Medio na que por vez primeira se sentaron a negociar palestinos e israelís despois de medio século de enfrontamentos armados. Non houbo acordo de ningún tipo, pero o primeiro paso estaba dado. A intransixencia de Israel facía imposible calquera progreso. Pero o goberno de Estados Unidos estaba disposto a lograr unha saída e ameazou con cortarlle as subvencións. En 1993, baixo o lema “paz por

territorios>> a O.L.P. mantivo discretos contactos co goberno de Israel, e acabou por aceptar unha autonomía limitada e gradual para os territorios de Gaza e parte de Cisjordania (Xericó), a penas 300 Km², pero que se consideraban o xermolo do futuro Estado palestino.

As negociacións contaron coa oposición rotunda dos colonos israelís asentados en territorios palestinos que temían ser expulsados desas terras e dos grupos integristas e da extrema dereita israelí, bastante numerosos. Tampouco era aceptada polos sectores máis radicais da O.L.P. que tiñan o apoio dos sirios, nin polos grupos islámicos radicais do interior que consideraban unha claudicación calquera acordo con Israel. Pese a todo en 1994 firmouse en Oslo un limitadísimo acordo que permitiu o traslado de Arafat a Xericó e o inicio dunhas mínima administración palestina aínda que supervisada polo goberno israelí.

5.8. A situación recente: a división palestina

Á Autoridade Nacional Palestina só lle correspondeu o control total das áreas urbanas palestinas, mentres que nas áreas rurais só tiña o control administrativo. Os asentamentos xudeus, as conexións por estrada entre as comunidades palestinas e a rexión do val do Xordán permanecen baixo control israelí. Xerusalén Leste, reivindicada como capital polos palestinos, quedou á marxe do acordo.

A violencia non se ten rematado por ambas partes. En 1995 foi asasinado por un extremista xudeu o primeiro ministro israelí, Isaac Rabin, promotor dos acordos de Oslo. No 2000 comezou a segunda intifada ao acceder ao poder en Israel o xeneral Sharon, responsable da matanza de Sabra e Chatila, quen rachou todos os acordos coa Autoridade Palestina.

A Autoridade Palestina, liderada por Arafat ata a súa morte en novembro do 2004, amosouse neste anos incapaz de frear o terrorismo contra Israel, ademais de ineficaz á hora da xestión política e económica. Dita incapacidade e as malas condicións de vida da maioría da poboación palestina explican o aumento do apoio da poboación ao grupo integrista Hamás, que montou unha rede de atención social que lle deu gran popularidade.

Hamás, Movemento de Resistencia Islámica, foi fundada en 1987, na faixa de Gaza, coincidindo coa Primeira Intifada. Non acepta a existencia do Estado de Israel e apoia as accións terroristas. En xaneiro do 2006 ganou as eleccións palestinas e accedeu ao Goberno. A reacción do grupo tradicionalmente dominante, al-Fatah, foi rexeitar a colaboración con Hamás, e os seus militantes téñense enfrontado na rúa, nunha auténtica guerra civil entre palestinos, que ten rematado coa división do territorio: Hamas controla Gaza e Fatah Cisjordania.



Rúa de Gaza, eleccións 2006

A comunidade internacional negouse desde a vitoria de Hamas nas eleccións a seguir coa axuda financeira aos palestinos, xa que a considera unha organización terrorista. Hamas só parece contar coa apoio de Irán.

A violencia continúa, sometendo á poboación palestina a unha situación dramática e sen perspectivas de solución. Israel realiza constantes intervencións militares nos territorios palestinos, non cumpre as resolucións internacionais, nin os máis elementais principios humanitarios. Mesmo construíu un muro para illar aos palestinos coa escusa de evitar atentados terroristas.

Á falta de perspectivas contribúe o aumento dos

conflitos en toda a zona de Oriente Medio despois do 11-S: ocupación de Afganistán e Iraq por EE UU e os seus aliados, Segunda Guerra do Líbano no 2006 e crise moi grave entre EE UU e Irán polo programa nuclear deste país.

Recentemente EE UU tentou un novo acordo, entre Israel e al-Fatah, pero case ninguén cre que teña efectos positivos.

“É imposible valorar agora os acordos de Annapolis [...] O importante, e é unha vitoria para dos palestinos, é que se falou, en presenza de 44 países, da creación dun Estado palestino.[...]

Primeiro, un recordo: Israel non quería esta reunión; foille imposta por EE UU. Abbas (presidente da Autoridade palestina) necesitaba un xesto, pois a súa lexitimidade está desfeita en Palestina.[...] Bush está afogado en Iraq, pero pretende quedar aí para sempre. E sobre todo ten un problema grave: baixo o seu imperio, Irán tense convertido na principal potencia musulmá da zona. E Irán estase armando.[...]

Bush aceptou unha esixencia moi radical por parte de Israel: o carácter xudeu do Estado israelí. (...) Israel será así o único Estado definido sobre unha base relixiosa; para ser israelí, hai que ser xudeu. [...]

Todo o mundo entende que do que se trata é de evitar cos refuxiados palestinos (entre catro e seis millóns de persoas) poidan regresar a Israel.[...]

Cal será o estatuto en Israel dos non-xudeus; por exemplo, dos palestinos con nacionalidade israelí desde 1948? Non van ser considerados cidadáns de pleno dereito por non ser xudeus? Cal é o porvir da poboación árabe de Israel? [...]

Ademais, “Estado xudeu” significa que vai seguir practicando o dereito de todos e cada un dos xudeus do mundo a instalarse en Israel cando así o desexen, mentres cos refuxiados palestinos non poderán reivindicar, por non ser xudeus, o retorno aos seus fogares e as terras que foron súas e que hoxe está dentro de Israel?

Esta cuestión é fundamental porque vai condicionar tanto as negociacións sobre as fronteiras de Israel como sobre Xerusalén. Se se define a Israel coas fronteiras de 1967, posición que era ata hoxe a de todo o mundo (agás Israel), o tema de Xerusalén se soluciona cun acordo político. En cambio, se se define a Israel a partir da relixión, Xerusalén se volve indiscutible, e, aínda máis, os asentamentos nos territorios ocupados en 1967 adquieren unha suposta lexitimidade, pois os colonos están nas “sagradas” terras bíblicas.

O acordo non fai ningunha referencia á resolución 242 da ONU (que obriga a Israel a regresar ás fronteiras de 1967), base de toda negociación internacional sobre o asunto. É unha vitoria de Israel. Pero quen vai aceptar este feito consumado? [...]

En Palestina, o partido maioritario, ou sexa Hamás, está en contra diste acordo. O que significa que alí se pode desenvolver unha guerra civil.

En resumidas contas, o acordo de Annapolis é moi ambiguo e non abre claramente o camiño cara a paz. O máis trágico sería que fose só unha cortina de fume para preparar unha guerra noutra parte. Contra Irán, por exemplo.



Patrick Baz: Xerusalén (2005)



Estas cuestións non deben, sen embargo, ocultar que o feito de reunir a tódolos responsable árabes con Israel supuxo un avance. É o aspecto máis positivo diste encontro. Pero, desgraciadamente, a paz, a verdadeira paz, non chegará mañá “

Sami Naïr, El País; 1-12-07

6. O mundo islámico

No contexto da descolonización e das primeiras guerras contra Israel naceu un nacionalismo árabe, o panarabismo, que propugnaba a unidade política dos distintos Estados árabes. En 1945 creouse a Liga Árabe, co liderado exipcio, con ese obxectivo. Tense demostrado o seu fracaso na falta apoio aos intentos de unión federal, e tamén na incapacidade para manter unha postura común fronte á cuestión palestina. Por outra banda, incluso se expulsou a Exipto da Liga despois de que firmara os acordos de Camp David con Israel.

O panarabismo foi sostido, cun carácter máis propagandístico que real, por réximes *socialistas*, pero mantendo as súas raíces islámicas. O Estado controlaba a vida económica e política a través, case sempre, do monopolio do poder por un líder e un partido único. Os enormes gastos militares e burocráticos foron factores que fixeron fracasar este modelo nos países que máis apostaron polo mesmo: o Exipto de Nasser, a Siria e o Iraq baasistas.

6.1. O fundamentalismo islámico

Durante o período entre as dúas guerras mundiais, o proceso de occidentalización, asociado ao dominio europeo e as elites nacionalistas árabes, provocou un movemento de oposición entre os sectores máis tradicionalistas. Naceron, así, a “Sociedade dos Irmáns Musulmáns”, fundada polo exipcio Hassán al-Banna, e a “Sociedade Islámica”, creada polo indio Abu Alá al-Maududi. As principais características da súa ideoloxía son:

- a) O Islam debería afectar non só ao ámbito privado, senón tamén ás relacións sociais e ao Estado. A sharia, a lei divina tal e como se establece no Corán e na Sunna, debe converterse na única inspiración do poder político.
- b) A soberanía só pode residir en Alá, rexeitando o principio liberal da soberanía nacional. Os partidos islamistas adoitan presentarse ás eleccións, pero só como un instrumento para poder instaurar un Estado islámico.
- c) Rexeitan o concepto de modernización tal como se entende no mundo occidental desde a Ilustración. O verdadeiro musulmán debe romper coa sociedade corrupta pola occidentalización. A submisión das mulleres aos homes formaría parte, segundo eles, da tradición islámica.
- d) Os seus principios económicos misturan elementos socialistas e capitalistas. Destaca a importancia que lle conceden á solidariedade entre os membros da Umma (comunidade) e a protección dos máis desfavorecidos. Naceu así o chamado fundamentalismo benéfico, unha rede de grupos de veciños que tenta cubrir as necesidades que o Estado non satisfai. Os comezos de Hamas en Palestina seguiron este modelo.

1. Creo que todo procede de Alá, que o noso mestre Mahoma —a bendición de Alá recaia sobre el— é o último dos profetas enviado a todos os homes, que o Corán é o libro de Alá, que o Islam é unha lei xeral da orde do mundo e do máis alá [...]
6. Creo que todos os musulmáns forman unha soa nación, unida pola fe islámica e que o Islam ordena aos seus fillos facer o ben a todos [...]
7. Creo que o secreto do atraso dos musulmáns reside no afastamento da relixión, que a base da reforma consiste en volver ás ensinanzas do Islam e aos seus xuízos [...]

Credo dos Irmáns Musulmáns, 1928

6.2. A loita polo poder

Tres teñen sido ata datas recentes os casos máis significativos dos avances do fundamentalismo islámico: Irán, Alxeria e Afganistán

O Irán dos Pahlevi era un réxime corrupto e ditatorial que defendía a occidentalización e se baseaba nos beneficios do petróleo. Pero era tamén un país cunha forte presenza chiíta que vía con alarma as medidas secularizantes tomadas desde o poder. O líder espiritual dos chiítas era o ayatolah Jomeini, exiliado desde 1964. Desde 1978 os ataques da prensa gubernamental cara a súa figura son cada vez máis virulentos e desencadearon a revolta popular na que conflúen o clero chiíta, a burguesía democrática, os comunistas e as clases populares empobrecidas.

O 16 de xaneiro de 1979, o sha Reza Pahlevi fuxiu do país. As eleccións gáñaaas o Partido da República Islámica, que promulgou unha constitución que impuxo a sharia na xustiza e a tutela dos doutores da lei islámica, encabezados por Jomeini, sobre os poderes públicos. O poder executivo era exercido por un presidente elixido cada catro anos por sufraxio universal. Tamén se elixe un parlamento cada catro anos por sufraxio universal. Os actos do presidente e as leis aprobadas polo parlamento debían axustarse aos principios da sharia.

A toma da embaixada dos EE UU en Teherán, mantendo como reféns aos seus ocupantes durante 13 meses, por parte dos gardas da revolución marcou o punto álxido da mobilización popular. O clero chiíta aproveitou para anular o pluralismo político e comezar unha campaña de exportación da revolución (Hezbollah no Líbano). Os países occidentais, encabezados polos EE UU, e as monarquías tiránicas do Golfo Pérsico tentaron evitar a expansión da revolución fomentando a guerra entre Iraq e Irán (1980-88). O conflito rematou en táboas pero con millóns de mortos e feridos. En 1989 faleceu Jomeini. O réxime tense consolidado e os enfrontamentos con Occidente son constantes, tanto debido á cuestión palestina, como á guerra de Iraq ou ao armamento nuclear.


En Alxeria, a Fronte Islámica de Salvación (FIS) soubo aproveitar a mobilización popular, coñecida como “revolta da sémola”, en 1988, que marcou a decadencia do modelo político establecido pola Fronte de Liberación Nacional (FLN) desde a independencia. O réxime tivo que admitir o pluripartidismo e nas eleccións locais de 1990, co 56% dos votos, o FIS fíxose co control das principais cidades. Na primeira volta das eleccións xerais de 1991 o FIS



Páxina de Persépolis, cómic autobiográfico da iraniana Marjane Satrapi

acadou o 48% dos votos, a só 28 escanos da maioría absoluta. Esta maioría poderíaa acadar facilmente na segunda volta prevista para o 16 de xaneiro de 1992. Un golpe de Estado militar, apoiado por Occidente deu paso a unha guerra non declarada entre o exército e o Grupo Islámico Armado (GIA), brazo militar do FIS, que se prolongará durante toda a década dos noventa.

En 1979 os soviéticos invadiron Afganistán para apoiar ao réxime comunista afín. Os EE UU, no marco da Guerra Fría, financiaron aos muyahiddin musulmáns que loitaban contra os soviéticos. En 1989 os soldados soviéticos, derrotados, abandonaron o país, que quedou sumido na guerra civil entre as distintas etnias. No contexto distes enfrontamentos naceron en 1994 os talibáns, un grupo de estudantes de etnia pashtún, cun forte integrismo relixioso, co mullah Omar como xefe supremo. Despois de conquistar Kabul, en 1996, os talibán acentuaronn as súas tendencias centralistas e autoritarias, impoñendo a hexemonía pashtún. En 1998 derrotaron ás tribos do norte e controlan o 90% do territorio de Afganistán. A música, o cine e, en xeral, tódolos espectáculos quedaron prohibidos; os homes novos debían levar a cabeza rapada e os adultos barba longa. As mulleres foron as que máis sufriron o fanatismo talibán: non podían estudar, facer deporte, nin traballar fóra da casa; tiñan que levar o burqa que non deixa ver un só centímetro da súa pel. As relacións entre os talibáns e Al Qaeda, responsable dos atentados do 11-S, provocou a invasión de Afganistán por parte de EE UU, tomándoo como branco da súa vinganza. A guerra en Afganistán continúa e os talibáns non teñen sido derrotados a pesar de que a maioría do país está controlado polas forzas internacionais.



Nenos e nenas afganas refuxiadas en Paquistán